



Os «centros eTwinning» son líderes da comunidade eTwinning. Os seus **órganos de dirección, coordinación e docencia** recoñecen a importancia e os valores de eTwinning, integrándoos nas **directrices do centro, as súas prácticas docentes e as súas vías de desenvolvemento profesional.**

Nos centros eTwinning, o profesorado **reúne forzas** cara unha experiencia educativa máis ampla e rica.

Os centros eTwinning son **modelos**: inspiran e guían a outros centros a avanzar tanto coma eles. Con isto, mantén un estado de mellora no ensino, para que a xuventude á que educan se nutra e se convirta en **mellores persoas, mellores estudantes, e unha cidadanía mellor e máis participativa.**

Os centros eTwinning están comprometidos cun modelo de liderado compartido

A coordinación dos centros eTwinning compártese, tanto na responsabilidade da organización coma nos procesos de decisión. A súa dirección e a súa xefatura de estudos comprenden as posibilidades que ofrece eTwinning tanto no pedagógico coma no profesional, e animan activamente o persoal a participar nas actividades eTwinning.

Os centros eTwinning amosan un firme compromiso coa cooperación, o intercambio e o traballo en equipo

Os seus docentes traballan á par na planificación de actividades didácticas e de eTwinning, compartindo as súas experiencias e prácticas entre si, tanto dentro coma fóra do centro. Alíanse para obter un plan de acción eTwinning co que potenciar a innovación e a mellora no centro e máis alá.

O alumnado dun centro eTwinning é axente de cambio

Un centro eTwinning tamén se desenvolve grazas ós seus estudantes. A súa participación promove o uso de eTwinning polo profesorado (este xa implicado ou non) e ante as familias, tanto impulsándoo como desenvolvendo as innovacións didácticas e tecnolóxicas do centro.

Os centros eTwinning son modelos para outros centros

Un centro eTwinning actúa como unha embaixada ante outros centros da súa área, fomentando activamente eTwinning e difundindo os seus logros por todos os medios ó seu alcance como xornadas de portas abertas, folletos ou programas de mentorización. A súa actitude é proactiva á hora de crear oportunidades de desenvolvemento profesional abertas a outros centros da súa área.

Os centros eTwinning son organizacións educativas inclusivas e innovadoras

Polo seu compromiso coa inclusión en todos os ámbitos, realizan un esforzo continuo para que o seu espazo sexa inclusivo para estudantes de todo tipo de capacidades e culturas, para as súas familias e para o seu ámbito social. O seu profesorado está comprometido co centro como organización educativa integral. Aproveitan eTwinning para prestar apoio e impartir o currículo con modelos pedagóxicos innovadores con multitude de enfoques entre os que se atopan a aprendizaxe cooperativa, a educación centrada no alumno ou a flexibilidade de horarios e espazos de aprendizaxe.

